

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 1 DE AGOSTO DE 2013. Nº 7/2013.**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

**CONCELLEIROS:**

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)  
D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)  
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.)  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.)  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.)  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.)  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)  
D<sup>a</sup> MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.)  
D<sup>a</sup>. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.)  
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.)  
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE)  
D. JOSE ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup>. BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS (PSdeG-PSOE)  
D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE)  
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG)  
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG)  
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD)

**SECRETARIO XERAL:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**INTERVENTORA XERAL:** D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

## **INDICE:**

1. Aprobación , se procede, da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2. Resolucóns da Alcaldía: dación de conta.....	páx. 3
3. Declaración institucional logo do accidente de tren ocorrido en Santiago de Compostela....	páx. 8
4.Toma de posesión do novo concelleiro do grupo popular D. José Antonio Varela Quintela...	páx. 9
5. Expediente de modificación puntual nº 13 do PXOM .....	páx. 9
6. Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín para a cesión do uso de espazos no Pazo de Liñares (Lalín) para a creación do Centro de Xestión do Coñecemento Arqueolóxico.....	páx.11
7. Expediente da Conta Xeral 2012.....	páx. 13
8. Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos número 4/2013.....	páx. 14
9. Expediente de resolución, por mutuo acordo, da concesión da explotación do Edificio Multiusos Lalín-Arena.....	páx. 15
10.- Expediente de Crédito extraordinario número 6-P/2013.....	páx. 29
11.- Expediente de préstamo 2013.....	páx. 30
12.- Moción do PSdeG-PSOE relativa á solicitude de modificación da Ordenanza Reguladora da Taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos.....	páx. 33
13.- Moción do BNG para a aprobación dun regulamento de participación cidadá do Concello de Lalín.....	páx. 33
14.- Moción do PGD para o rexeitamento á violencia.....	páx. 34
15.- Rogos e preguntas.....	páx. 35

=====

Sendo as dez horas do día 1 de agosto de 2013, xoves, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, *D. José Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión extraordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes se lles entregou a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral *D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2013. De seguido, o Sr. Presidente preguntou aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoa por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2013, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

### **2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-**

### **3.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL LOGO DO ACCIDENTE DE TREN OCORRIDO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.-**

A Presidencia deu conta da declaración institucional do Concello de Lalín logo do accidente de tren ocorrido en Santiago de Compostela o pasado día 24 de xullo. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 29 de xullo de 2013.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, **aprobose** a presente declaración institucional do Concello de Lalín:

*Logo do grave accidente de tren ocorrido en Santiago de Compostela o 24 de xullo de 2013, o Concello de Lalín declara o seu pesar pola traxedia, traslada a súa solidariedade ás familias das persoas que perderon a vida e súmase ao loito decretado. Así mesmo quere trasladar tamén o seu afecto ás persoas feridas e ás súas familias, e desexa unha rápida recuperación de todas elas.*

*Despois do accidente, o Concello de Lalín recoñece de maneira especial o esforzo*

*desenvolvido por todos os profesionais que traballan na atención ás vítimas e ás súas familias.*

*O Concello de Lalín expresa tamén o seu recoñecemento ás veciñas e aos veciños de Santiago de Compostela que colaboraron nas tarefas de rescate e ás persoas voluntarias que se ofreceron para prestar apoio ás vítimas, para doar sangue ou a través de calquera outra manifestación de solidariedade.*

#### **4.- TOMA DE POSESIÓN DO NOVO CONCELEIRO DO GRUPO POPULAR D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA.-**

Procédese a efectuar a toma posesión do cargo de concelleiro polo grupo popular *D. José Antonio Varela Quintela*, logo da renuncia presentada por *D. José Domínguez Caballero* na sesión do Pleno da corporación celebrada o pasado día 27 de xuño de 2013 e de *D<sup>a</sup>. Rocío García Eiras* e unha vez recibida a Credencial de concelleiro remitida a este Concello pola **Junta Electoral Central**, de data 11 de xullo de 2013.

A estes efectos o *Sr. Secretario* constata a presentación, por parte de *D. José Antonio Varela Quintela*, da declaración de bens e dereitos, dunha banda ,e a declaración de actividades pola outra.

**D. José Antonio Varela Quintela** procede a xurar o seu cargo pronunciando a seguinte fórmula:

*“Xuro e prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro de Lalín, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.*

Xa que logo, cumpríndose todos os requisitos establecidos na normativa vixente o *Sr. Alcalde-Presidente* dálle posesión do seu cargo neste intre como edil deste Concello de Lalín e a todos os efectos legais a **D. José Varela Quintela**, integrándose de seguido este novo corporativo e tomando asento entre as filas do grupo municipal popular.

#### **5.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 13 DO PXOM.-**

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 29 de xullo de 2013.

Polo grupo de goberno o edil delegado de urbanismo, **D. Román Rodríguez González** explicou o contido do expediente. Como se sabía había necesidades porque o cemiterio actual estaba saturado e non había nichos nin prazas. Por elo o Concello quería dar resposta a esta situación e presentaba a ampliación do mesmo. A solución que se recollía tras estudar as restante, resultaba a máis integradora posible. Tanto na liña elixida como a outra, por detrás do edificio, había unha masa de carballos que desaparecerían. Non obstante a ampliación había que facela, si ou si.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** coincidía en ver as necesidades e tamén en ampliar a instalación actual, pero non vía claro cara onde se facía, sobre todo porque se talaría un arborado importante, unha masa de carballos. Por elo pediu que se mirase a

posibilidade de que fose a ampliación por detrás, e/ou non afectar a esa masa de carballos tan importante.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. José Crespo Iglesias**, indicou que si que estudaron esa opción mencionada polo voceiro socialista. El mesmo visitou o lugar xunto aos técnicos. Por detrás había arborado igual que por diante, e a maiores contaba cun camiño público que había que suprimir e logo habilitalo nas proximidades. O resultado era, pois, igual en ambos casos. Tratarían de non tocar a todos os carballos, sobre todo os da parte de diante da estrada provincial. O dono dos terreos era o mesmo, por diante e por detrás. No espazo coa deputación provincial había que ver se se podían conservar. Entrou noutro debate falando dos columbarios como novas formas de incinerar, etc.

Desde o grupo do BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño**, manifestou a súa sorpresa porque a Xunta de Galicia dése o seu aval a este cambio urbanístico e non esixira unha avaliación ambiental, cando noutros casos similares si que se meteu e houbo que realizar este trámite. Neste caso de Lalín, existía unha masa de arborado importante a protexer como eran os carballos cun destacado interese e había que tentar salvarlos deixando os máximos posibles polo seu valor e interese.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** indicou que o que tiña que falar xa o escoitou, e non tiña máis dúbidas. Estaba de acordo con ampliar o cemiterio para dar solucións ás necesidades da poboación.

Rematou este debate o Sr. Alcalde-Presidente, **D. José Crespo Iglesias**. Sinalou que despois deste expediente, habería que negociar e tentar chegar a un acordo co dono; no seu defecto habería que expropiar os terreos noutro expediente.

A seguir do debate someteuse o expediente a votación ordinaria a man alzada, e aprobouse a proposta por **UNANIMIDADE** dos asistentes, que inclúe vinteun concelleiros, sendo catorce do PP, catro do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un do PGD.

En consecuencia tendo en conta que, conforme o disposto no artigo 47.2. II) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que esixe a maioría absoluta do número legal de membros, que neste caso é once, se supera este quórum, por tratarse dun acordo de planeamento xeral, aprobouse a proposta en base aos seguintes antecedentes:

O Concello de Lalín considera de interese social a tramitación deste expediente de Modificación Puntual nº 13 do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal que ten por obxecto ampliar as actuais instalacións do cemiterio municipal, sito na Romea, parroquia de Botos, tendo en conta que no cemiterio vello xa non hai nichos baleiros e que coa ampliación que se pretende acometer haberá espazo dispoñible. Hoxe considérase insuficiente, habida conta da evolución demográfica e poboación envellecida que hai no Concello.

Considerando que o interese público na tramitación deste expediente ven tamén motivada por tratarse dunha competencia municipal propia e un servizo básico obrigatorio de todos os concellos "Cemiterios e servizos funerarios" prevista no artigo 25.2, j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

A Modificación Puntual proposta supón incrementar a capacidade do cemiterio municipal da Romea, nunha extensión de 16.800 m<sup>2</sup> de terreos, ampliando o actual sistema xeral deste equipamento e non afecta a terreos cualificados como espazos libres ou como zonas verdes.

Consta no expediente a Decisión de 8 de agosto de 2012, da Xunta de Galicia, na que se acordou non someter o expediente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica establecido na *Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente*, integrada no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico pola Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA). No apartado observacións figura a do organismo Augas de Galicia que sinala que do exame do dito documento non se prevén efectos adversos significativos sobre o medio hídrico.

En cumprimento do apartado 1 do artigo 85 da LOUGA, solicitouse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o informe previo á aprobación inicial, emitido o 19 de xullo de 2013 pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, no que se sinala que deberá quedar clasificado como solo rústico de especial protección de infraestruturas a banda afectada pola liña límite de edificación da AP-53, sen prexuízo da súa cualificación, ao igual que o resto da parcela, como sistema xeral de equipamento para cemiterio.

Visto o informe técnico e da Secretaría favorable ao expediente, o Documento de inicio, o Documento para aprobación inicial que recolle as determinacións segundo o informe remitido pola Secretaría Xeral de Urbanismo e Ordenación do Territorio, cómpre efectuar a aprobación inicial do expediente e continuidade da tramitación conforme ó establecido no artigo 85 da LOUGA.

Xa que logo, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o “**EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 13 do vixente P.X.O.M. de Lalín AMPLIACIÓN SG-EQ.3. CEMITERIO MUNICIPAL DA ROMEA. BOTOS**” redactado polo arquitecto **D. Javier Bugallo Thielen**, de data xullo de 2013, e demais documentación do expediente.

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público o expediente como trámite de información pública durante o prazo de dous meses inserindo anuncios no DOG, en dous xornais de maior difusión da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

**TERCEIRO.-** Solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios.

## **6.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE LALÍN PARA A CESIÓN DO USO DE ESPAZOS NO PAZO DE LIÑARES (LALÍN) PARA A CREACIÓN DO CENTRO DE XESTIÓN DO COÑECEMENTO ARQUEOLÓXICO.-**

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 29 de xullo de 2013.

Polo grupo de goberno **D. Román Rodríguez González**, voceiro do grupo popular, explicou que este convenio era un asunto que inicialmente non se tiña pensado traer a sesión plenaria; non obstante, a necesidade de adoptar o acordo para que o organismo provincial proceda a contratar as obras, fixo necesario metelo na orde do día. Explicou que se trataba de ceder en uso por un período de vinte anos unha parte das instalacións do Pazo de Liñares, preto de cen metros cadrados, para que a Deputación Provincial poida

establecer unhas actividades e usos previstos. A cambio procedería a contratar un importe de 570.000 € de obras, incluído o transformador, e a darlle un uso en relación coa actividade arqueolóxica da cultura castrexa

En resume, coidaba que este acordo a asinar era froito de moito traballo e da labor do Sr. Alcalde e das súas xestións persoais, tendo en conta que se trataba dun Pazo histórico para Lalín e a súa comarca, que agora tiña outro valor moi superior ao que tiña cando se mercou, e que por mor da rehabilitación coas axudas do Ministerio de Fomento e do propio Concello había que dedicalo a actividades culturais e acordos cos intereses xerais.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** recoñecía todo que se fixo a prol da rehabilitación do Pazo de Liñares, esforzo compartido porque ademais do Concello, tamén houbo unha subvención do Ministerio de Fomento. O resultado foi bo. Agora a Deputación Provincial quería acometer un investimento importante. Vían ben as obras e o proxecto en xeral, pero tiña dúas cousas que dicir: En primeiro lugar, que o goberno municipal non negociou cos grupos da oposición, tal e como quedou patente en anteriores sesións plenarias, incumprindo os seus compromisos; en segundo lugar o convenio a asinar supuña unha cesión importante de atribucións ao organismo provincial, de tal xeito que lle outorgaba moita liberdade, podendo facer o que queira, mesmo deixalo en calquera momento. Por elo pediu que se introducisen no dito convenio mecanismos de control e non o sistema de xestión única que recollía.

Pola parte do BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** parecíalle estrano que o grupo de goberno non contase con eles para abordar estas actuacións, se ben indicou que xa estaban acostumados a esta forma de actuar. Preocupáballes unha cousa: *¿Durará a Deputación Provincial os vinte anos previstos no convenio de cesión?*

O Sr. Alcalde-Presidente **D. José Crespo Iglesias** respondeu indicando que ao mellor desaparece, pero no seu lugar habería outra administración que se subrogase nas súas competencias e tamén nas obrigas e compromisos asumidos.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** vía ben o convenio e as condicións da cesión.

De novo **D. José Crespo Iglesias, Alcalde-Presidente**, volveu intervir para indicar, en primeiro lugar, que o convenio respondía a unha necesidade de ocupar e de dar actividades ao Pazo de Liñares. Co investimento da Deputación, polo menos iniciábanse estas actividades; en segundo lugar non era o mesmo a cesión a unha administración que a unha empresa privada. Non había tal perda de soberanía. *!Ogallá sempre haxa actos e actividades no Pazo de Liñares!*, manifestou.

Non lle preocupaba o control municipal nin a a aludida perda de soberanía. Quería que o Pazo de Liñares estivese ocupado o maior tempo posible, e tivese actividade.

A maiores indicou que seguramente, cando estea en funcionamento o dito Pazo de Liñares, habería que ter un detalle coa familia dona do edificio que vendeu o mesmo ao Concello, a pesares de contar con ofertas mellores de empresas privadas. Tamén adiantou que seguramente propoñeríalle ao Xacobeo que introduza esta instalación dentro das súas redes.

En resume, dixo que non perdía soberanía o Concello; senón que gañaba soberanía.

Ratificouse no xa dito **D. Manuel María González Aller**. Destacou que estaban a favor do investimento e do proxecto. Pero faltaba unha actuación do goberno municipal de planificación en conxunto para esta instalación, e non actuar a base de golpes e de actuacións illadas e non globais. Faltaba, pois, unha programación previa.

Doutra banda insistiu en que se quedou en que o goberno municipal ía falar coa oposición. Eles tiñan pensado propoñer e falar da instalación dun laboratorio e tamén outros usos. De todo isto non se puido falar porque non houbo reunións.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño**, tamén se referiu ao compromiso incumplido polo goberno municipal de xuntarse coa oposición para falar dos usos e posibles actividades. Non foi así, e eles xa estaban acostumados a isto. Por exemplo tiñan previsto propoñer a creación no dito edificio dunha Aula da natureza e outras iniciativas, pero non dedicalo a usos múltiples.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** dixo que apoiaría a iniciativa, a pesar da falta de consenso e de incumprimento polo goberno municipal, e de planificación previa para as actividades deste edificio.

Finalizou o debate **D. José Crespo Iglesias**, Alcalde-Presidente, sinalando que a razón pola que se trouxo a esta sesión foi a sensibilidade e o coidado que houbo que ter na xestión deste asunto no organismo provincial.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: dezasete (17), sendo catorce (14) do PP, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.  
Votos en contra: ningún.  
Abstencións: catro (4), do PSdeG-PSOE.*

En consecuencia, **aprobose** a proposta da Alcaldía do seguinte tenor:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a CESION DE USO por un período de vinte anos e celebrar un Convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín de cesión do uso de espazos no Pazo de Liñares (Lalín) para a creación do centro de xestión do coñecemento arqueolóxico, que consta de seis cláusulas, anexo de superficie e documentación gráfica, asumindo as obrigas e compromisos que constan no mesmo.

**SEGUNDO.-** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do antedito convenio.

## **7.- EXPEDIENTE DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2012.-**

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 29 de xullo de 2013.

Polo grupo de goberno **D. Manuel Gómez Estévez**, edil delegado de Facenda, explicou o contido do expediente, sinalando que se trataba dun trámite máis, unha vez que foi ditaminado e exposto ao público, sen haberen reclamacións ao mesmo.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel M<sup>a</sup> González Aller** adiantou que votarían negativamente por coherencia coa posición mantida cando se aprobou o orzamento do ano 2012. As contas estaban asinadas e recollían un remanente, pero o que demostraban era que o orzamento dese exercicio estaba mal executado. Debéronse gastar máis cartos e ter menos remanentes, porque Lalín conta con grandes necesidades, en materia de servizos sociais, en pistas, na zona rural, etc. Aforrar era un sistema doutras épocas, agora na situación de crise económica na que estabamos hai que gastar máis e atender as demandas sociais, sobre todo tendo en conta que no Capítulo I sobraba un montante importante porque era de prazas que non se cubrían.

Polo BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén criticou a política do goberno municipal no sentido de contención do gasto pública, xa que antes se facía isto e agora seguíase igual. O seu grupo quería facer ao goberno municipal unha chamada de atención para que non tivese medo a investir, e se preocupase menos por cadrar os números. Nesta época de dificultades económicas



para moitos había que aumentar o gasto e o investimento en políticas sociais e en atenderen as necesidades da xente.

Lembrou que non estando de acordo coa política municipal votaron en contra do orzamento do ano 2012, e agora, votarían negativamente ás contas do dito exercicio.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López**, manifestou que non apoiaría a proposta.

De novo, **D. Manuel Gómez Estévez**, destacou que a oposición criticaba a existencia de remanente; pero, se houbo un remanente negativo, as críticas serían peores.

Rematou o Sr. Alcalde-Presidente, **D. José Crespo Iglesias**, afirmando que estaba en desacordo co sistema que tiña a oposición de criticar as contas: agora o que se trataba era de contabilizar a execución do orzamento, e as contas estaban ben feitas. O tema fundamental era explicar a postura cando se aproban os orzamentos de cada ano.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: catorce (14) do PP.*

*Votos en contra: seis (6), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE e dou (2) do BNG.*

*Abstencións: unha (1) do PGD.*

En consecuencia, **APROBOUSE** o expediente por maioría simple, segundo a proposta da Alcaldía, do seguinte tenor:

Transcorrido o prazo de exposición ó público da Conta Xeral do Concello de Lalín correspondente ó exercicio económico de 2012, sen que se presentara reclamación algunha, e elevado ó Concello Pleno o expediente completo desta, cos ditames e informes preceptivos, dando así cumprimento ó disposto nos artigos 208 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Con base no exposto, **o Pleno da Corporación do Concello de Lalín ACORDOU:**

*“Aprobar a Conta Xeral do Concello de Lalín correspondente ó exercicio económico de 2012, integrada polos estados e contas anuais da entidade Concello de Lalín e as do Padroado Cultural de Lalín, poñéndolas a disposición dos organismos correspondentes”.*

## **8.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 4/2013.**

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 29 de xullo de 2013.

Polo grupo de goberno **D. Manuel Gómez Estévez**, edil delegado de Facenda, explicou o contido do expediente, sinalando que o mesmo se refería a facturas de exercicios anteriores coas que houbo problemas. A realidade era que unha delas había que pagala e logo reclamar a Espina y Delfin S.L, porque estaba ao seu nome e logo reclamar.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel M<sup>a</sup> González Aller** adiantou que non se opoñerían, se ben indicou que o Concello tiña sorte, porque en caso de que un particular tivese unha factura de fai tres anos, xa tería o servizo de subministro eléctrico cortado.

O Sr. Alcalde **D. José Crespo Iglesias**, indicou que este problema sucedía todos os anos. O Concello mesmo enviaba cartas a Unión Fenosa S.A, pedíndolle que enviase puntualmente as facturas para así poder rematar a contabilidade oficial.

Polo BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño**, tamén coincidía co voceiro socialista. Non lle parecía de recibo pagar agora unha factura do ano 2010. Non obstante dixo que votaría a favor.

Tamén **D. Camilo Conde López** adiantou o seu voto favorable á proposta.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: dezasete (17), sendo catorce (14) do PP,dous (2) do BNG e un (1) do PGD.*

*Votos en contra: ningún.*

*Abstencións: catro (4) do PSdeG-PSOE.*

En consecuencia, **aprobose** o expediente, segundo a proposta do Concelleiro Delegado de Facenda, do seguinte tenor:

A fin de poder atender gastos realizados durante os exercicios 2010 e 2011, propónse ó Pleno da Corporación Municipal o recoñecemento extraxudicial de créditos e aprobación do gasto, con cargo ás correspondentes aplicacións orzamentarias, segundo a relación individualizada das facturas que se detallan no ANEXO I que se une a este expediente, de acordo co artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e a Base 15 das Bases de Execución do Presuposto para o exercicio de 2012. Ambos establecen expresamente a competencia do Pleno da corporación para o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria.

Trátase de facturas correspondentes a gastos realizados durante o anos 2010 e 2011 que non foi posible aprobar con cargo ó correspondente exercicio, por non ter sido presentadas no seu momento para a súa imputación ó presuposto dos exercicios correspondentes.

Xa que logo o **Pleno acordou**:

**Aprobar e recoñecer extraxudicialmente os créditos e o gasto por importe total de 649,89 euros** segundo a seguinte relación:

Nº FACTURA	EMISIÓN FACTURA	DIRECCIÓN SUMINISTRO	IMPORTE FACTURADO	IMPORTE PENDENTE
1101212437532	24/12/10	Souto, 0030 Pozo-Pontevedra-Lalín (36510)	275,88	275,88
1110112569682	27/01/11	Souto, 0030 Pozo-Pontevedra-Lalín (36510)	99,71	99,71
1110312490038	25/03/11	Souto, 0030 Pozo-Pontevedra-Lalín (36510)	89,96	89,96
1110512409443	26/05/11	Souto, 0030 Pozo-Pontevedra-Lalín (36510)	87,33	87,33
1110712312581	27/07/11	Souto, 0030 Pozo-Pontevedra-Lalín (36510)	97,01	97,01
			<b>TOTAL</b>	<b>649,89</b>

## **9.- EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN, POR MUTUO ACORDO, DA CONCESIÓN DA EXPLOTACIÓN DO EDIFICIO MULTIUSOS LALÍN-ARENA.-**

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao

ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 29 de xullo de 2013.

A proposta da Presidencia e por unanimidade dos asistentes acordouse realizar o debate deste punto conxuntamente cos puntos 10 e 11 da orde do día.

O Sr. Alcalde-Presidente **D. José Crespo Iglesias**, indicou que no Pleno anterior autorizóuselle a negociar con Gaia Lalín Arena S.L., a resolución por mutuo acordo da concesión actual.

Indicou que tras as negociacións houbo acordo coa antedita empresa en extinguir de mutuo acordo o contrato. A pesar de que agora se adoptase o acordo, a concesionaria continuaría ata o 31 de decembro de 2013 data en que entregaría todas as instalacións ao Concello. Faltaba o tema de persoal que agora se viu e unhas notas de material que non contaba.

Coa resolución desta concesión esperaba que o Concello aforrase cartos. A día 31 de outubro de 2013 estaba previsto o pagamento da cantidade que procedese á dita empresa. Do antedito importe de 67.150.000 había que descontar os importes dos préstamos concertados e vixentes.

Quixo felicitar á Sra. Interventora por ter levado este asunto desde o inicio. Non obstante falta por liquidar o persoal que será una obriga da empresa, para evitar que o Concello logo teña problemas, aínda que terá que contratar a persoal, pero evitando así dereitos adquiridos ou cláusulas que de empresas privadas non eran as máis axeitadas para o Concello.

O Concello facía da necesidade virtude, e gaña. A necesidade ven da empresa porque non gaña cartos e non ten beneficios. Isto é importante e o Concello aproveita esta situación.

Sucedeu neste tema que fallaron os estudos que sobre o Lalín Arena se fixeron daquela. A min convencéronme de que en tres ou catro anos habería preto de 2500 abonados, e hoxe non era así: tiñamos pouco máis de seiscentos. A poboación urbana utilizaba as instalacións; pero a poboación do rural tiña menos usuarios.

Salientou que o seu grupo cando gobernaba facían cousas boas e malas. Unhas saían ben e outras non tan ben. Con todo non se arrepentía de acometer esta instalación.

Lembrou que daquela plantexáronse catro escenarios posibles: bo, regular, malo e moi malo. Ao final resultou isto.

Agora os préstamos hipotecarios dábanse ao euribor máis o que se sexa e por once anos. Coidaba que Lalín amortizaría antes dese tempo o préstamo que solicite, sobre todo se continuaba a mesma Interventora. Lalín é un dos poucos concellos solventes.

Volveu a felicitar á Sra. Interventora pola súa participación neste expediente.

Ao final hai acordo para a resolución. Non obstante cando se entreguen as instalacións ao Concello, o Concello realizará por xestión directa este servizo, para coñecer os datos, custes, nóminas e logo xa se verá se se privatiza ou non.

Desde logo o Lalín Arena era un complexo lúdico-deportivo que supuña un luxo para Lalín. A isto había que engadir a explotación da piscina, que tiña que ser comarcal, porque ningún concello da comarca a pode soste. Coidaba que sacando conxuntamente o uso da piscina e parte do Lalín Arena podería ser rendible, sobre todo se aos novecentos usuarios da piscina se engadían os seiscentos do Lalín Arena. En suma o Concello vaise aforrar moitos millóns de euros e isto é unha boa operación para Lalín.

Sendo as 12:00 horas suspéndese a sesión para gardar un minuto de silencio na honra das vítimas do accidente ferroviario acaecido en Santiago de Compostela o pasado día 24 de xullo de 2013.

Ás 12:02 horas reanudouse a sesión.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel M<sup>a</sup> González Aller** comezou afirmando que esta proposta de resolución da concesión supuña o fracaso total desta fórmula que o Concello de Lalín empregou e persoalmente do Sr. Alcalde. Lembrou que durante varias sesións a oposición fixo varias advertencias ao goberno municipal dos problemas e desvantaxes que acarearía este sistema, e o grupo de goberno e o Sr. Alcalde non fixeron caso.

Daquela o goberno estaba inmerso en delirios de grandeza con infraestruturas que non facían

falta, como era o Lalín Arena un edificio desproporcionado para as necesidades de Lalín e o propio edificio do Concello.

Daquela se nos dicía que “poñíamos paus na roda”, verbas do Alcalde pero o tempo danos a razón.

Coidaba tamén que o edificio construído tras dous anos e cos problemas de construción que presentaba, tendo en conta que debía durar corenta anos, era un problema, porque non estaba ben construído, con materiais de segunda ou de terceira calidade. A estes efectos o informe do técnico municipal pide revisar pingueiras e filtracións de augas por todas partes, con fallos estruturais na cuberta e nas chapas laterais. Era certo que nos quedaremos coa fianza para executar as ditas obras, e que a cantidade era alta, mais de trescentos corenta mil euros, pero dous anos de uso e con estes fallos era un tema grave. Lembrou que o pavillón municipal antigo contaba con trinta anos e aguantaba a día de hoxe, podéndose empregar para o uso deportivo.

En terceiro lugar coidaba que as negociacións desde o inicio deste están plagadas de escurantismo. No pleno anterior se dixo que houbo dous escritos da empresa dirixidos a este pleno, pedindo a resolución. Non se lle dixo nada á oposición, e houbo dous decretos contratando a dúas empresas no mes de abril, dos que a Alcaldía non deu conta ao Pleno, e o Sr. Secretario dixo que non sabía nada ata o día 17 de xuño de 2013, a pesares de estar firmados por el. En suma a negociación deste expediente foi moi escura e falta de transparencia.

Sobre o prezo de 7.150.000 € lamentouse de que o Concello non conseguise reducir nada desta cifra, a pesar dos informes que se pediron.

Había que destacar que todo eran hipóteses e futurible, se se conseguen as condicións do préstamo ou se se alcanza un número de usuarios, lembrando que antes tamén se dicía que aquí ían vir os usuarios de Melide, Monterroso, Carballiño, etc..

Extrañaba que non se fixese este novo estudo, continuando co sistema de sempre e sobredimensionando o que se facía polo Concello.

Co gasto actual da empresa, coidaba que a empresa non perdía cartos, aínda que ao mellor non os gañaba. Ao mellor había que cambiar cláusulas ou modificar o contrato, tendo en conta a baixa notable, pero entendía que non había base suficiente para resolver o contrato de mutuo acordo.

Dicíase que perdía 76.000 euros ao ano, pero tamén no prego dicíase que nos primeiros anos perdería cartos e logo os gañaría.

Ademais o Concello cargaría coa explotación, sen ter que pagar os cánones á explotación e á construción, pero cargando con todos os gastos. Entendía que neste contexto se ían dobrar os custos, sen ter en conta que eles tiñan dúbidas de que aguantase a infraestrutura durante eses corenta anos, e o Concello non teña que gastar máis cartos na instalación.

O Sr. Alcalde sempre botaba as culpas e acusaba aos funcionarios que non eran capaces de nada, e agora resulta que o Concello tiña que asumir esta instalación porque a empresa é a que non xestionaba correctamente a instalación. Isto era un cambio na actitude do Sr. Alcalde. Non entendían isto, que o goberno municipal agora estea a favor de municipalizar os servizos. Eles como grupos querían que fosen municipais os servizos.

Doutra banda había unha competencia desleal cos ximnasiaos de Lalín porque daban algúns destes servizos aos usuarios. Estes locais e empresas dunha banda pagaban cos seus cartos e impostos a resolución do Lalín Arena e doutra banda manteñen en condicións desvantaxosas os seus negocios dando os servizos aos seus clientes. Non era xusto.

Sobre o tema de empregar o remanente de tesourería, os aforros municipais de tantos anos, non estaban de acordo en aplicalos aquí e agora. Coidaban que suporía facer un despilfarro de cartos que se podían empregar en acometer infraestruturas necesarias. Con eses cartos podíanse facer moitos servizos, pistas, saneamento, auga, bacheos. Agora cando se piden obras se contesta dicindo que non hai cartos. E non os hai nin os haberá porque se meterán aquí: en recuperar o Lalín Arena.

O crédito de cinco millóns de euros a concertar dobraría a débeda actual do Concello que do trinta por cento pasará ao 65 % de endebedamento atendendo aos datos de computar decembro e non en xuño deste ano.

A lei 2/2012 non estaba derogada e podía incurrirse en ilegalidade de non aplicarse

correctamente. Pedíuse á Sr<sup>a</sup>. Interventora que aclarase isto.

En suma con este expediente as arcas municipais estarán baleiras e coa explotación da instalación, para o Concello sería máis caro que co actual sistema.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** destacou que esta resolución por mutuo acordo podía parecer unha xogada mestra pola Alcaldía, pero non era así. Lembrou que no anterior Pleno acordouse autorizar ao Sr. Alcalde a negociar coa empresa, e que informaría ao Pleno dos termos da negociación. Agora resulta que xa esta todo pechado e non hai nada que debater. A maiores destacou que o comportamento da oposición foi bo neste asunto. Pero o grupo de goberno e o Sr. Alcalde non actuaron correctamente.

Destacou que dos 7.150.000 € que había que abonar, non se baixou nada e por elo non era unha boa operación para o Concello. Por elo había que ver se o grupo de goberno seguía a ter o apoio dos veciños nas vindeiras eleccións.

A resolución por mutuo acordo do Lalín Arena supuña o fracaso do grupo de goberno e do Alcalde. Coidaba que tiñan que pedir desculpas e non vir agora a dar a información, cando todo estaba xa feito.

O edificio non se construíu como se pensaba e agora hai unha retención ou crédito de máis de 340.000 para arranxos do mesmo. Isto amosaba que non se fixeron ben as cousas e que o edificio presentaba e tiña defectos importantes.

Con esta resolución e o préstamo que se vai pedir, o Concello de Lalín pasaría de contar cun 35 % de débeda ao 65 %. Isto supuña unha operación mala ou moi mala.

En realidade non era boa porque non se conseguiu rebaixar nada os sete millóns. Sería unha boa operación, como di o Sr. Alcalde, se o prezo que tiña que pagar o Concello fosen tres ou catro millóns de euros, pero agora eran máis de sete millóns. Tal e como se presentaba, a operación era mala. O Concello pasaría de ter as contas saneadas a ter unhas contas moi endebedadas.

A operación do euribor máis o 5,5 % non era a máis beneficiosa para o Concello.

Destacou que no caso de non conseguir estas condicións, do préstamo, non saíría adiante e seguiríamos igual coa concesión actual.

O prezo desta operación non só sería isto, as condicións negativas que se asinarían, e a explotación que se faría, tamén suporía que o Concello carecería durante moitos anos destes importes para investimentos e infraestruturas. Os cartos dedicaríanse a este fin, e non a outros, como pistas, saneamento ou mesmo servizos sociais. Os vindeiros orzamentos carecerán de investimentos

A operación esta mal feita. A concesión se fixo mal e as verbas do Sr. Alcalde de sacala conxuntamente coa piscina son hipótese de futuro.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** manifestou que despois de escoitar aos anteriores voceiros parece que a concesión que se fixo para o Lalín Arena non foi tan boa como se dixo. A consecuencia delo os veciños pagaban os servizo e prestacións que non recibían. Non debía valer todo, e o prezo tería que ser máis baixo dos sete millóns cento cincuenta mil euros. O seu grupo non aceptaba esta operación e coidaba que debera ser con menos cartos e contía.

De novo **D. José Crespo Iglesias** salientou que a visión deste tema era política. Non consideraba que este rescate fose un fracaso do Alcalde; ao contrario coidaba que era un éxito. Tiña polo tanto unha visión distinta. A obra do novo Concello é unha das melloras cousas que fixen, afirmou. Non supuña unha hipoteca porque foi froito dunha boa xestión política que conseguiu cartos.

A obra do Concello e o Lalín Arena eran referencias deste Concello. Os veciños gozarían dunhas instalacións que doutro xeito nunha disfrutarían.

*“O que non arrisca, non medra” e “A toro pasado, todos somos Manolete”,* afirmou.

Son alcalde porque me elixiu o pobo, e porque traballo e son activo.

Sinalou que non estarían once anos para pagar o crédito, senón que se amortizarían antes. A

resolución por mutuo acordo era máis rendible para o concello que manter a actual concesión. Tiña moitas vantaxes, aínda que puidera ter problemas de legalidade, porque as subvencións municipais estaban pignoradas, e o concello pagaba xa ao banco o crédito de Gaia Lalín Arena, polo tanto había unha falta de liquidez da empresa que o Concello aproveitaba.

Agora sacaría a licitación esta instalación coa piscina, habería sinergias positivas que se aproveitarían.

O que conseguirá o Concello, un préstamo fixo con euribor máis catro ou cinco puntos era unha boa oferta e hoxe non se conseguían mellores préstamos.

O estudo de antes era erróneo, porque partía de que agora o Lalín Arena tería 2500 abonados; agora se partía de que tería 1500 para ser rendible, contando co Lalín Arena que hoxe contaba con seiscentos e coa piscina municipal que tiña 900 socios.

Traballamos moitos, e sobre todo os técnicos. Ven a este Pleno por problemas de prazo, senón fose por esta causa non viría agora.

A privatización desta instalación nun futuro pode funcionar e mellorar os servizos. Pasou coa auga e co lixo, como exemplos de boa xestión que antes cando o Concello os levaba non funcionaban e agora si.

Criticou que a oposición non admitise as privatizacións como forma de xestión nalgúns concellos, como era o BNG, e cando estaban nos gobernos municipais, como era o caso do Concello de Poio, privatizaban os servizos como sucedeu co lixo e coa auga por exemplo.

Pensaba que despois de coller o servizo, o Concello tería un ano as instalacións, para coñecer os custos, o persoal, a enerxía, e todo o que se gastaba; logo á vista dos datos, poderían adoptar os acordos correspondentes e privatizar todo o conxunto deportivo, se fose o caso.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel M<sup>a</sup> González Aller** discrepaba abertamente das verbas do Alcalde. Lembrou que xa antes, cando se adxudicou a concesión, se dixo que aos catro ou cinco anos previstos, a concesión podía ser rendible e a empresa gañar cartos. Non foi así ao parecer. Agora tamén se dí o mesmo, pero con outros datos, contando con mil cincocentos abonados. Non había que confiar moito nisto, á vista dos antecedentes, e porque nos cálculos faltaba por meter a explotación e tiña dúbidas sobre todo da continuidade do edificio.

En todo caso, este acordo de resolución por mutuo acordo supuña un fracaso na xestión desta instalación. O Concello tiña que levar por diante os intereses xerais.

Lembrou que cando se sacou esta concesión a licitación a oposición, e nomeadamente o seu grupo, advertiu e con tempo suficiente de que esta forma de xestión non era a máis axeitada e que os datos que servían de base ao estudo e ao expediente non eran reais. *“O tempo deunos a razón”*, dixo; *“agora vainos resultar máis caro esta resolución por mutuo acordo que rescatar a concesión na forma legalmente prevista”*, volveu insistir.

Tiña tamén dúbidas sobre o dito polo Alcalde no tema do persoal, no sentido de que había empregos con cláusulas específicas para empresas privadas e que o Concello non podía continuar cos mesmos. Estrañáballo moito.

Neste tema das dúbidas salientou que durante varios anos o seu grupo dixo que a construción estaba mal feita, con materiais de mala calidade, e non se lles fixo caso; agora tras dous anos de apertura, hai un informe técnico municipal recoñecendo os desperfectos da construción, nunha cifra importante.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** indicou que cando se fala de arriscar como falaba o Sr. Alcalde, había que ter en conta que non se pode ter esta mentalidade cando falamos de cartos públicos. Iso o podía dicir ao falar sobre os recursos propios. Pidiu prudencia, porque a concepción que o Sr. Alcalde tiña do financiamento público, non a compartía precisamente. Volveu pedir prudencia e estudar ben os datos dos posibles usuarios e o financiamento.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** indicou que non tiña mais que dicir.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. José Crespo Iglesias** afirmou que era prudente e valoraba os

cartos dos veciños. Non lle valía formular unha crítica xeneralizada ao sistema de financiamento. Lembrou que nas privatizacións, algúns servizos melloraron e outros empeoraron. Finalmente quixo deixar claro que na zona rural o nivel de investimentos do seu grupo foi sempre superior ao que investiron na zona urbana.

Rematou **D. Manuel M<sup>a</sup> González Aller** preguntándolle ao Sr. Secretario e á Sr<sup>a</sup> Interventora se ¿É legal aplicar un artigo e unha norma que aínda non estaban aprobadas?

Respondeu **D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo** no sentido de que a norma actual estaba en tránsito, e que non período de información se podía alegar. En todo caso había remanente suficiente para aplicar o mesmo a esta resolución por mutuo acordo.

1.- Sometida a votación ordinaria as **EMENDAS** ao expediente presentadas de data 31 de xullo de 2013 polo grupo municipal popular, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: catorce (14) do PP.*

*Votos en contra: ningún.*

*Abstencións: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.*

En consecuencia, **APROBÁRONSE** as emendas ao expediente, do seguinte tenor:

**Primeira.-** No apartado II, despois do primeiro parágrafo que di: A entrega de todos os bens (...) ENGADIRASE o seguinte:

*Gaia Lalín Arena S.L. farase cargo do despido do persoal que actualmente e ata a entrega efectiva preste os seus servizos no Gaia Lalín Arena S.L. Todos os custes dos despidos, as indemnizacións e demais gastos que se ocasionen por este concepto serán de conta e cargo de Gaia Lalín Arena, S.L.*

**Segunda.-** Na cláusula III despois do apartado: Consta a este efecto ENGADIRASE outro parágrafo do seguinte tenor:

*f) Do importe da valoración dos 7.150.000 € descontarase tamén a cantidade de quince mil euros (15.000 €) segundo a valoración do equipamento que se recolle na acta de comprobación asinada o día 24 de xullo de 2013 na que consta a falta de 4 unidades especiais de GTS GRAVITY e dous xogos de canastas de baloncesto (tres unidades) entre o material que Gaia Lalín Arena S.L. entregará ao Concello de Lalín.*

2.- Sometida a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: catorce (14) do PP.*

*Votos en contra: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.*

*Abstencións: ningunha.*

En consecuencia, **APROBOUSE o expediente**, segundo a proposta da Alcaldía, do seguinte tenor:

O Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 27/07/2006 aprobou o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas do expediente denominado CONTRATO ADMINISTRATIVO DA CONCESIÓN DE OBRA

PÚBLICA E EXPLOTACIÓN DO EDIFICIO POLIDEPORTIVO-MULTIUSOS DO TERMO MUNICIPAL DE LALÍN. O contrato adxudicouse polo Pleno da Corporación con data de 28/11/2006 á empresa GAIA LALÍN ARENA, S.L., o contrato administrativo asinouse o día 14/06/2007.

Con data de 14 de febreiro de 2013 (RXE núm. 1027) a empresa Gaia Lalín Arena S.L. presentou un escrito no que solicitaba:

*“Que se incoe el expediente de resolución por mutuo acuerdo del CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA Y EXPLOTACIÓN DEL EDIFICIO POLIDEPORTIVO-MULTIUSOS DE LALÍN, y previos los trámites oportunos, se proceda a la resolución del mismo con los efectos indicados en el artículo 266 del TRLCAP y en la cláusula 20.k) del Pliego de Condiciones Administrativas Particulares”.*

Tendo en conta que o interese xeral do Concello de Lalín que se da no presente expediente estriba en garantir a continuidade da prestación deportiva e lúdica aos máis de 600 usuarios da instalación así como nas demais circunstancias reflectidas ao longo do expediente.

Polo tanto, á vista da solicitude formulada pola empresa e considerando que se cumpre o requisito de contar cos informes de Intervención e de Secretaría e que o acordo se adopta por máis da maioría absoluta do número legal de membros, que no caso do Concello de Lalín son once (11), votos a favor (art. 47.2, j) da Lei 7/85, de 2 abril) , **o Pleno ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Resolver de mutuo acordo e liquidar o contrato de “Concesión de obra pública e explotación do edificio polideportivo-multiusos de Lalín” ante o Concello de Lalín e a empresa Gaia Lalín Arena S.L asinado en data 14 de xuño de 2007 e que estaba vixente, con suxeción ao modelo de acordo que se transcribe literalmente.

### **ACORDO DE RESOLUCIÓN DE MUTUO ACORDO E LIQUIDACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA E EXPLOTACIÓN DO EDIFICIO POLIDEPORTIVO-MULTIUSOS DE LALIN**

Mediante acordo de Pleno do día 31 de xullo de 2013, autorizouse a D. José Crespo Iglesias, Alcalde de Lalín, para a sinatura do presente acordo, cuxa eficacia queda condicionada ó establecido na cláusula V do mesmo, nos termos alí contidos. *Don Marcos Fernández Conde* manifesta baixo a súa responsabilidade que ten capacidade xurídica suficiente para subscribir o presente acordo e que o mesmo é coñecido polos órganos de goberno de GAIA LALÍN ARENA, S.L., quen ten prestado a súa conformidade ó contido do presente acordo, e na súa virtude,

### **EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** Mediante Concurso Aberto para o contrato de concesión de obra pública, en xullo de 2006 aprobáronse os pregos e tramitouse no Concello de Lalín o expediente de contratación para a redacción de proxecto, construción e posterior explotación do complexo polideportivo multiusos “Lalín Arena”.

En data 14 de xuño de 2007 asinouse entre o CONCELLO DE LALIN e GAIA LALIN



## ARENA, S.L o CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA E EXPLOTACIÓN DO EDIFICIO POLIDEPORTIVO-MULTIUSOS DE LALÍN.

Adxúntase ao presente acordo, como DOC. N º 1 certificación da inscrición da concesión de Obra pública no Rexistro da Propiedade de Lalín, expedida o día 3 de xullo de 2013.

**SEGUNDO.-** A empresa concesionaria, a maiores de contar con seus fondos propios, contratou unha hipoteca sobre a concesión para o financiamento das obras e investimentos a realizar. Dito préstamo formalizouse na escritura pública de préstamo con garantía hipotecaria outorgada o primeiro de setembro de 2009 polos representantes da empresa concesionaria, as empresas accionistas da mesma e Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra, ante a Notaria de Lalín, D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Bouzas, e conforme á autorización municipal acordada no Pleno do Concello de Lalín de 25 de xuño de 2009. A hipoteca contratouse por un importe de 5.000.000 de euros a 15 anos, con un ano de carencia de amortización e cotas anuais a un tipo de interese equivalente ó Euribor máis 2 puntos porcentuais, establecéndose na mesma un solo do 4,5% e un teito do 15%.

**TERCEIRO.-** Respecto ás actuacións e cumprimento do contrato polas partes ata a data, tense que destacar o seguinte:

Na oferta presentada e asinada polos dous representantes legais das empresas proponentes non hai dúbida que as empresas adjudicatarias formularon inicialmente unha oferta pola que se obrigaban a realizar todos os investimentos por un importe de 8.566.146 euros, IVA incluído. A empresa ten executado as obras e, ata a data, ven explotando con normalidade os servizos e actividades acordadas para o contrato.

O Concello de Lalín asumiu unhas obrigas de achegas económicas ó longo de todo o contrato e cuxa finalidade principal consistía en modular o risco que debería asumir o sector privado ó concorrer a esta licitación para poder limitar o importe das tarifas a cobrar ós usuarios finais da infraestrutura y poder ofrecer un cadro de tarifas socialmente asumible no municipio. O Concello de Lalín ten cumprido estritamente todo o acordado no contrato ata a data, realizando os pagos das achegas comprometidas puntualmente; sen embargo, o número de usuarios estimado para esta infraestrutura municipal dista moito das previsións que serviron de base para o concurso e das previsións ofertadas polo concesionario, feito que condiciona a conta de resultados da explotación da concesión e a viabilidade e sostemento futuro do contrato neste entorno de crise ou recesión económica.

Non obstante o anterior, ata a data, pode afirmarse que o contrato ven executándose con normalidade, cumprindo ambas partes as súas obrigas.

**CUARTO.-** O día 18 de febreiro de 2013, co número de rexistro de entrada 1069 do Concello de Lalín, se daba traslado ó Concello do Decreto do Xulgado Mercantil Nº 2 de A Coruña, que acorda deixar constancia da comunicación previa do Concurso e homologación xudicial 32/2013, dito Decreto foi notificado o 31 de xaneiro de 2013, polo que nesa data comezou a contar o prazo de tres meses para solicitar a declaración voluntaria de concurso, finalizados os tres meses, a empresa poderá instar a declaración de concurso dentro do mes hábil inmediato seguinte. Polo tanto, dito prazo finalizaba o venres, 31 de maio de 2013.

En base ó exposto, podería producirse una situación de insolvencia na empresa concesionaria, de tal modo que, chegado o caso, si se producira o Auto de declaración de Concurso polo Xulgado do Mercantil Nº 2 de A Coruña, implicaría para o Concello de Lalín a obriga de levar a cabo a resolución do contrato, por estar así previsto nos artigos 264.b) y 265.2 del TRLCAP, que resultan aplicables o caso que nos ocupa.

No escrito presentado ante o Xulgado, de data 29 de xaneiro de 2013, a empresa concesionaria comunicou ó órgano xudicial competente para a declaración do concurso de acredores, o Xulgado do Mercantil número 2 de A Coruña, o inicio de negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio. Posteriormente, en fecha 31 de xaneiro de 2013 se notificou o Decreto do Xulgado de COMUNICACIÓN PREVIA CONCURSAL E HOMOLOGACIÓN XUDICIAL 000032/2013 polo que se toma constancia da comunicación e comeza o cómputo do prazo de tres meses para a declaración do concurso voluntario de acredores.

A empresa concesionaria manifesta que, sendo o principal activo do seu balance a concesión de obra pública obxecto do complexo deportivo Lalín Arena, e tendo chegado a un principio de acordo para a resolución de mutuo acordo de dito contrato, no ten instado a declaración de concurso voluntario nin é coñecedora de que ningunha outra empresa ou empresario houbera solicitado a declaración de concurso.

Por outra parte, ata a data da sinatura do presente acordo o Concello de Lalín non ten constancia por ningún medio de que a empresa concesionaria se encontre en situación de insolvencia o que se haxa instado a súa declaración de concurso.

Adxúntanse como DOC. nº 2, os seguintes documentos: (i) copia do Decreto do Xulgado de COMUNICACIÓN PREVIA CONCURSAL E HOMOLOGACIÓN XUDICIAL 000032/2013, copia das contas aprobadas pola sociedade Gaia Lalín Arena, S.L., e información contable adxunta que houbera presentado a concesionaria no Rexistro Mercantil ata a data deste acordo de resolución e un balance da sociedade concesionaria cerrado á data máis preta posible á sinatura do acordo.

**QUINTO.-** Os efectos da resolución se regulan no art. 266, apartados 1, 2 e 3, do TRLCAP. Así: “1. Nos supostos de resolución, o órgano de contratación abonará ó concesionario o importe dos investimentos realizados por razón da expropiación de terreos, execución de obras de construción e adquisición de bens que sexan necesarios para a explotación da concesión. Ó efecto, terase en conta o seu grado de amortización en función do tempo que restara para o termo da concesión e o establecido no plan económico-financeiro. A cantidade resultante se fixará dentro do prazo de seis meses, salvo que se establecera outro no prego de cláusulas administrativas particulares. Se o concesionario houbera contado entre os seus recursos con financiamento de terceiros, só se lle abonará o sobranse despois de cumprir coas obrigas contraídas con aqueles”.

As mesmas consecuencias se derivan do Prego de Condicións Administrativas Particulares, cuxa cláusula 20 establece entre as “Obrigas da administración” que “o órgano de contratación garantirá, en caso de concurso do concesionario e a título de responsable civil subsidiario, a inversión realizada por este para o cumprimento do obxecto do Contrato e que se atope naquel momento pendente de amortizar”.

O importe total das inversións realizadas ascende a OCHO MILLONES SEISCIENTOS VEINTICUATRO MIL TRESCIENTOS DIECISEIS EUROS CON DIECISIETE CÉNTIMOS (8.624.316,17 €).

Se adxunta como DOC nº 3 ao presente escrito, copia do libro de inventario de bens adscritos ó contrato.

A inversión executada ten sido financiada a través dun préstamo con garantía hipotecaria de Novagalicia Banco por importe de 5.000.000 euros, do que restarían por amortizar a data de 31 de xullo de 2013 un importe de 4.459.912,27 euros.

Se adxunta co presente escrito como DOC nº 4 relación detallada de todas as obrigas contraídas con terceiros para o financiamento das inversións á data da sinatura do presente acordo.

**SEXTO.-** En virtude do indicado no artigo 264. d) do TRLCAP é igualmente causa de resolución deste contrato administrativo “o mutuo acordo entre o concedente e o concesionario”, sempre que dita resolución por mutuo acordo teña lugar cando non exista outra causa de resolución imputable ó contratista e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato.

O interese público debe ser o elemento determinante dunha resolución do contrato por mutuo acordo das partes, que no é máis que un suposto de terminación convencional de procedementos, dos regulados no artigo 88 da LRJPAC, así o ten sinalado o Consello de Estado en diversos ditames referidos a esta cuestión (ditame 34.714, de 17 de marzo de 1966 e 34.575, de 9 de decembro de 1965), nos que se teñen establecido os requisitos para que este tipo de acordos de terminación convencional sexan válidos, requisitos que concorren no caso que nos ocupa:

- As partes asinantes deben ser as mesmas que forman a relación contractual, polo que non cabería acordar a resolución do contrato con ningunha outra parte que non sexa a empresa concesionaria.
- Que ambas partes consintan a resolución do contrato tendo comezado a fase de execución do contrato e antes da súa finalización.
- Que se incorporen todos os informes preceptivos e necesarios para a resolución contractual (artigo 109 do RGLCAP).
- Que exista causa e que dita causa sexa o interese público. Este extremo deberá comprobarse, conforme sinalo o Consello de Estado no seu ditame de 11 de xuño de 1964, desde o punto de vista negativo, acreditando que non concorre neste suposto ningunha outra causa de resolución contractual que poida ser invocada, e desde un punto de vista positivo, analizando o suposto concreto, e concluíndo que procede levar a cabo a resolución contractual de mutuo acordo para defender o interese público municipal, que deberá concretarse, e que no caso que nos ocupa sería o seguinte:

a). Garantir a continuidade da prestación das actividades do servizo público de deportes que se realizan nesa infraestrutura e instalacións municipais, posto que existen evidencias claras de que o concesionario podería non cumprir regularmente coas súas obrigas económicas, o que provocaría en última instancia a imposibilidade de utilización das instalacións públicas deportivas e a súa apertura ó público e a non prestación das actividades deportivas que se ofrecen no Lalín Arena.

b). Garantir o bo fin da construción e as instalacións e actividades deportivas que se realizan no Lalín Arena e evitar os posibles prexuízos futuros ós acredores de boa fe que non puideran ver realizados os seus créditos pola prohibición legal de realización executiva e liquidación dos bens que forman o patrimonio concesional.

c). A situación conxuntural existente no Concello, e máis concretamente nas súas contas públicas, que tras varios anos de recortes de gastos e saneamento das mesmas, permiten afrontar ó financiamento deste proxecto, o que redundará nunha maior eficiencia do gasto público municipal para futuros exercicios, que non se verán comprometidos coas achegas e compromisos de pago que se establecían neste contrato a longo prazo (achegas á construción e achegas á explotación) e que foron adoptados nun momento no que O Concello non podía facer fronte de ningunha outra maneira ó financiamento dun proxecto como este.

Conforme a todo o exposto, resulta innecesaria e inconveniente ó interese público municipal a permanencia da empresa concesionaria no contrato. En base ó exposto, ambas partes,

## **ACORDAN**

**I.-** A resolución por mutuo acordo do contrato de **Concesión de obra pública e explotación do edificio polideportivo-multiusos de LALÍN** con suxeición á condición suspensiva de que o Concello de Lalín consiga o financiamento para afrontar esta operación, nos termos que mais adiante se indican, aprobando o presente documento.

**II.-** A entrega por Gaia Lalín Arena S.L ao Concello de Lalín. de todos os bens que forman o patrimonio concesional en bo estado de conservación e uso, conforme se establece no artigo 272 do TRLCSP, debendo incluírse, ademais das obras e instalacións propias das actividades que se realizan no Lalín Arena, as bases de datos dos usuarios actuais no centro polideportivo, así como o resto de propiedades incorporais que sexan necesarias para a normal explotación do servizo (por exemplo, o software e hardware existentes para a xestión das instalacións). A estes efectos redactarase un acta que será asinada polas dúas partes.

*Gaia Lalín Arena, S.L. farase cargo do despido do persoal que actualmente e ata a data da entrega efectiva preste os seus servizos no Gaia Lalín Arena S.L.. Todos os custes dos despidos, as indemnizacións e demais gastos que se ocasionen por este concepto serán de conta e cargo de Gaia Lalín Arena, S.L.*

Para asegurar o cumprimento desta obriga, o Concello ten levantado acta de día 24 de xullo de 2013, de comprobación previa das obras e instalacións que deberán reverter ó Concello á finalización do contrato, da que se desprenden as conclusións previas, sen prexuízo da acta de recepción formal que se asine no seu día, á finalización do período de explotación do contrato. Se adxunta como DOC nº 5 certificación do contido da acta citada anteriormente, expedida polo Secretario Municipal, de data 24 de xullo de 2013.

**III.-** A liquidación do contrato por un importe total de SETE MILLÓNS CENTO CINCUENTA MIL EUROS (7.150.000 €) en concepto de abono ó concesionario dos investimentos realizados, de conformidade co disposto no artigo 266 do TRLCAP, a favor de GAIA LALIN ARENA, S.L. como consecuencia da reversión anticipada da totalidade das instalacións e equipos adscritos á concesión, e que constitúen a totalidade do patrimonio concesional (tamén denominado patrimonio de destino), de forma que o Concello poida continuar sen menoscabo coa prestación dos servizos de deportes que alí se veñen realizando, coa precisións seguintes:

a) O Concello de Lalín descontará da antedita cantidade o importe pendente de amortización dos préstamos vixentes que Gaia Lalín Arena S.L teña concertados e demais produtos financeiros, incluídas as penalizacións por cancelación anticipada dos mesmos, así como das débedas vixentes. Expresamente deduciranse as de:

b) Préstamo vixente con NovaGalicia Banco suscrito o 1 de setembro de 2009 co nº. 500-5429-896-2.

c) Préstamo vixente co Banco Popular Español S.A n 044-10755-57 suscrito o día 3 de maio de 2011.

d) Demais produtos financeiros concertados por Gaia Lalín Arena S.L que estean vixentes, entre elas o renting coa empresa JIMSPORT.

e) O importe de 340.156,76 € con destino á constitución dunha fianza en metálico en garantía de que Gaia Lalín Arena S.L executará as obras de reparación das instalacións nos termos que mais adiante se indican no DOC. Nº 6, informe do arquitecto técnico municipal D. Antonio Bernárdez Nogueira.

Consta a estes efectos certificación ou declaración xurada da empresa Gaia Lalín Arena S.L acreditando a relación existente de débedas da mesma empresa con terceiros ao día do acordo do Pleno. DOC. Nº 4.

*f) Do importe da valoración dos 7.150.000 € descontarase tamén a cantidade de quince mil euros (15.000 €) segundo a valoración do equipamento que se recolle na acta de comprobación asinada o día 24 de xullo de 2013 na que consta a falta de 4 unidades especiais de GTS GRAVITY e dous xogos de canastas de baloncesto (tres unidades) entre o material que Gaia Lalín Arena S.L. entregará ao Concello de Lalín. DOC Nº 5*

A empresa concesionaria e o Concello aceptan expresamente a valoración de 7.150.000 euros como punto de partida en base ó informe técnico independente contratado polo Concello de Lalín para tal fin.

Adxúntanse como documentos nº 7 e nº 8 o informe de valoración económica realizado pola empresa CONSULTORÍA DE GESTIÓN DE EMPRESAS, S.L e o informe xurídico sobre a solicitude de resolución de mutuo acordo do contrato de concesión de obra pública e explotación do edificio polideportivo multiusos do termo municipal de Lalín, realizada polo concesionario GAIA LALÍN ARENA, S.L. como consecuencia da situación de posible insolvencia da empresa titular da concesión, que ten realizado a comunicación previa de concurso e homologación xudicial nos autos 32/2013 do Xulgado nº 2 do Mercantil de A Coruña, realizado polo Despacho Medina Fernández de Madrid.

Tendo en conta as circunstancias do presente acordo, así como as consecuencias que se derivan da resolución do contrato e o imprevisto de todo elo para o Concello, tense convido que o concesionario, Gaia Lalín Arena, S.L., continúe prestando o servizo nas mesmas condicións fixadas no contrato de 14 de xuño de 2007, asumindo todos os gastos, nos mesmos termos que viña facendo, e recibindo como contraprestación as tarifas aplicadas ó servizo e a achega municipal á explotación, durante un prazo máximo de SEIS MESES a contar desde o día seguinte á data en que se aprobe polo pleno a resolución de mutuo acordo, dita retribución se percibirá por meses, prorrateándose por días o que corresponda ó último mes de efectiva prestación dos servizos pola empresa, aínda que dito prazo máximo poderá prorrogarse de mutuo acordo se en dito prazo non conseguiran realizar todas as actuacións que a continuación se describen:

- 1) Tramitación do expediente de resolución contractual en sede municipal, conforme ó disposto no artigo 59 e nos artigos 265 e seguintes do TRLCAP, xunto co previsto no artigo 109 do RGLCAP e concordantes.
- 2) Tramitación dos acordos municipais necesarios para a habilitación dos créditos orzamentarios e a obtención do financiamento necesario para cumprir os compromisos asumidos.
- 3) Cancelación do préstamo hipotecario e do resto de préstamos, débedas e produtos financeiros contraídos con terceiros, cuxa contía completa, incluíndo todos os conceptos deberá ser retida e descontada a conta da cantidade a pagar á empresa concesionaria, cifra a la que nos temos referido anteriormente e que ascende a 7.150.000 euros.

- 4) Tramitación dos acordos municipais que sexan necesarios para poder asumir con persoal propio a xestión directa da infraestrutura pública e as súas instalacións, todo elo, co obxectivo de que a data definitiva en que conclúan os servizos do persoal da empresa concesionaria actual e a data de entrada do persoal municipal que se designe o se contrate se leve a cabo sen solución de continuidade e sen menoscabo para a calidade dos servizos públicos e actividades que se ofertan ós cidadáns en ditas instalacións.
- 5) No seu caso, de observarse algún ben ou instalación que non se encontrara en perfecto estado de funcionamento, reparación o substitución dos mesmos para que os bens e instalacións que deben reverter ó Concello se encontren en perfecto estado de funcionamento para a prestación do servizo e o fin previstos no contrato.

A cantidade a abonar, satisfacerase en todo caso será o día 31 de outubro de 2011. Así mesmo o Concello de Lalín devolverá e procederá a cancelar a fianza en forma de aval constituída por importe de 342.646,00 euros que a concesionaria Gaia Lalín Arena S.L. ten constituída desde a data de 24 de xuño de 2009 en garantía do cumprimento das súas obrigas contractuais da concesión.

**IV.-** Unha vez constituída unha nova fianza por importe de 11.241,29€, correspondente ao 5 % das subvencións á explotación de seis meses en garantía do cumprimento por parte de Gaia Lalín Arena S.L das súas obrigas contractuais ata o momento da finalización efectiva da explotación de servizos obxecto deste contrato, o Concello devolverá á concesionaria o aval por importe de 342.646, € co número 04293000003619, depositado en garantía do cumprimento do contrato. Ó fin da explotación do servizo por Gaia Lalín Arena S.L deberá subscribirse a acta de recepción dos bens e instalacións, ordenando a devolución da antedita fianza, no seu caso, sempre que todos os bens que forman o patrimonio concesional ou de destino se restituán en perfecto estado de funcionamento e conservación, ou, en caso contrario, proceder á súa execución, sen prexuízo, no caso de que non sexa suficiente, realizar unha reclamación de danos e prexuízos.

Con posterioridade o acordo de resolución do contrato, o concesionario será responsable de cantas obrigas e contratos houberan asumido coa sociedade limitada Gaia Lalín Arena, S.L., sen que no presente caso se produza situación algunha de continuidade ou sucesión empresarial, xa que o Concello pasará a xestionar unicamente o patrimonio empresarial, isto serían os bens e instalacións afectos ó Lalín Arena, (bens demaniais de titularidade municipal) baixo a fórmula de xestión directa pola propia Administración.

A empresa concesionaria Gaia Lalín Arena S.L, ou, como substitutos, as empresas propietarias, Gaia Gestión Deportiva S.L e Construcciones y Obras Llorente S.A., responderán por un período de 12 meses desde a data do acordo de resolución contractual por calquera continxencia non comunicada no acordo de transacción, que puidera afectar no futuro ó Concello e que sexa imputable e reclamable ó titular da concesión, con excepción de materias fiscais e de seguridade social, en cuxo caso se atenderá á prescrición legal.

#### **V.- Condición suspensiva para a eficacia do presente acordo.**

O presente acordo non despregará efectos inicialmente, condicionándose a eficacia do mesmo a que o Concello de Lalín obteña o financiamento necesario e adecuado para poder levar a cabo o aquí establecido, segundo criterios técnicos municipais.

O prazo máximo de que dispón o Concello para lograr tal fin será coincidente coa data máxima prevista, o día 31 de outubro de 2013, para realizar o pago efectivo ó concesionario.

Dentro do mesmo prazo, a empresa concesionaria deberá realizar todo o necesario para facilitar a cancelación dos préstamos con terceiros que teña a concesión, entre os que destaca o préstamo hipotecario da concesión de obra pública vixente, cuxa contía pendente de amortización, máis a comisión e os gastos que poidan derivarse da mesma, serán retidos para o pago á entidade bancaria do importe a pagar polo Concello en concepto de indemnización.

A estes efectos será o Concello de Lalín quen efectuará a cancelación dos ditos préstamos e débedas, apoderando neste acto e documento Gaia Lalín Arena S.L a este Concello para efectuar todas as operacións tendentes a elo.

Transcorrido o prazo anterior, e no suposto de que o Concello de Lalín non obtivera o financiamento sinalado, o presente acordo de resolución por mutuo acordo extinguirase, quedando sen efectos. Xa que logo, neste caso continuará vixente o actual contrato e a concesionaria Gaia Lalín Arena S.L carecerá expresamente de calquera dereito á indemnización por este concepto, renunciando coa sinatura deste contrato a elo expresamente.

#### **VI.- Terminación do período transitorio de explotación. Prazos e procedemento para levar a cabo a recepción formal das instalacións.**

O Concello dispón da facultade de colocar á persoa, futura responsable da instalación, por un prazo de 2 meses antes da data prevista da finalización da explotación por Gaia Lalín S.L., para ir formándose no funcionamento e manexo da instalación.

O Concello, con antelación prevista de 10 días, comunicará por escrito á dirección da empresa concesionaria a data prevista para a terminación da explotación do contrato a efectos de que se poida realizar a recepción formal de todos os bens e instalacións inherentes ó mesmo. En dita comunicación se indicará o lugar, data e hora para levar a cabo tal acta de recepción formal dos bens concesionais.

A dito acto de recepción formal asistirán por parte do Concello o Secretario Xeral, a Interventora Xeral e o responsable municipal do contrato ou o funcionario técnico designado pola Administración contratante para levar a cabo a visita de comprobación e recepción formal das obras e instalacións.

Se as instalacións se atopasen en bo estado e con arranxo ás prescricións previstas o responsable do contrato ou o funcionario técnico designado as dará por recibidas, levantándose a correspondente acta por triplicado, que deberá ser asinada polos concorrentes á recepción, entregándose un exemplar ó responsable do contrato ou funcionario técnico que represente á Administración, o segundo, ó representante da Intervención Xeral e o terceiro, á empresa concesionaria.

O contratista ten a obriga de asistir á recepción dos bens concesionais. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obriga, o representante da Administración lle remitirá un exemplar da acta para que, no prazo de dez días, formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

Coa acta Gaia Lalín Arena S.L acompañará certificado de estar ao corrente das débedas coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria e co resto de provedores. No caso de non aportarse, o Concello reterá do último mes da explotación as cantidades correspondentes, habilitando expresamente a empresa ao Concello para elo.

Cando as obras no se atopen en estado de ser recibidas, farase constar así na acta, e o responsable ou funcionario técnico sinalará os defectos observados e detallará as instrucións

precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido dito prazo o contratista non o houbese efectuado, poderá concedérselle un último prazo improrrogable o executar ditas obras o reparacións con cargo á garantía depositada en sede municipal para proceder á executar as mesmas.

## **VII. Cláusula de Confidencialidade e Protección de Datos de Carácter Temporal.**

O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso tanto en relación co acordo de resolución e os documentos adxuntos ó mesmo ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase no prazo dos próximos 5 anos.

Os membros da Corporación deberán gardar confidencialidade sobre a información facilitada por el empresario e que se adxunta co presente convenio.

O contratista e o seu persoal están obrigados a gardar secreto profesional respecto ós datos de carácter persoal dos que teñan coñecemento por razón da prestación do contrato derivado, obriga que subsistirá aínda despois da finalización da explotación do mesmo, de conformidade co artigo 10 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

**VIII.-** O presente acordo ten natureza administrativa a todos os efectos. Rexerase pola mesma normativa que o contrato de concesión de obra pública e explotación do edificio polideportivo-multiusos de Lalín. Os conflitos e dúbidas que xurdan na preparación, interpretación e aplicación do presente acordo corresponderá ó seu coñecemento á xurisdición contencioso-administrativo.

Para a súa debida constancia, se asina o presente acordo por triplicado exemplar (o primeiro para a súa unión ó expediente administrativo, o segundo para o adxudicatario, e o terceiro para a Intervención municipal), no lugar e data arriba sinalados.

**SEGUNDO.-** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do correspondente documento de resolución.

## **10.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 6-P/2013.-**

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 29 de xullo de 2013.

O debate deste punto da orde do día, por unanimidade dos asistentes, realizouse conxuntamente co punto nº 9. Polo tanto as intervencións dos distintos grupos son as que constan no mesmo.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: catorce (14) do PP.*

*Votos en contra: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.*

*Abstencións: ningunha.*



En consecuencia, **APROBOUSE** o expediente, segundo a proposta da Alcaldía, do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 6-P/2013 a financiar con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería e a concertación dunha operación de crédito con entidades de fora do sector público, entidades financeiras, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito extraordinario para facer fronte á execución dos seguintes investimentos:

O abono a Gaia Lalín Arena das inversións realizadas, de conformidade co establecido no artigo 266 do TRLCAP, como consecuencia da reversión anticipada da totalidade das instalación e equipos adscritos a concesión que constitúen o patrimonio concesional. Todo isto como consecuencia da resolución por mutuo acordo do contrato de concesión de obra pública e explotación do edificio polideportivo-multiusos de Lalín, derivado do anunciado pola empresa concesionaria no seus escritos de 14 e 18 de febreiro de 2013, polos que comunica o Concello que se atopa actualmente en situación de precurso de acredores, podería producirse unha situación de insolvencia da empresa concesionaria que, chegado o caso, se se producira o Auto de declaración de Concurso polo Xulgado do Mercantil nº 2 de A Coruña, implicaría para o Concello de Lalín a obriga de levar a cabo a resolución do contrato, por estar así previsto nos artigos 264.b) e 265.2 do TRLCAP, que resultan aplicables o caso que nos ocupa.

**En virtude do exposto, o Pleno da Corporación por maioría simple acordou:**

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos, modificación presupostaria, consistente nun Crédito Extraordinario financiado Nº 6-P/2013, con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería e a concertación dunha operación de crédito con entidades de fora do sector público, entidades financeiras, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicación do Presuposto de Gastos á que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
342.622.42	Instalación Deportivas Lalín Arena	7.150.000,00€

2.- Medios ou recursos que van financia-la modificación de crédito:

Dos 7.150.000,00 €, 2.150.000,00 € fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2012, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos, e 5.000.000,00 € fináncianse cun préstamo con entidades financeiras, reflectido no concepto 913.00.

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesourería	2.150.000,00€
913.00	Préstamos recibidos L/P entes fóra do Sector Pbco	5.000.000,00€
	<b>TOTAL</b>	<b>7.150.000,00 €</b>

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e o recurso que vai a ser utilizado para o seu financiamento, consérvase o equilibrio orzamentario, de conformidade co

artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

**Segundo.-** Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

**Terceiro.-** Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

### **11.- EXPEDIENTE DE PRÉSTAMO 2013.**

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 29 de xullo de 2013.

O debate deste punto da orde do día realizouse conxuntamente co punto nº 9 por unanimidade dos asistentes. Polo tanto as intervencións dos distintos grupos son as que constan no mesmo.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: catorce (14) do PP.*

*Votos en contra: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.*

*Abstencións: ningunha.*

En consecuencia, **APROBOUSE** por maioría simple o expediente, segundo a proposta do Concelleiro Delegado de Facenda, do seguinte tenor:

Con motivo da resolución de mutuo acordo do contrato de concesión e explotación do edificio polideportivo-multiusos de Lalín, e necesario proceder ao cumprimento do acordo de resolución no que se recolle a obriga para o Concello de abonar a Gaia Lalín Arena S.L. 7.150.000,00 €, que é o valor das inversións realizadas, de conformidade co establecido no artigo 266 do TRLCAP, como consecuencia da reversión anticipada da totalidade das instalación e equipos adscritos a concesión que constitúen o patrimonio concesional. Esa cantidade financiarase parcialmente polo Concello, mediante unha operación de crédito, por importe de 5.000.000 €.

Tendo en conta o exposto, á vista da importancia das necesidades a cubrir co investimento que está previsto realizar, o **Pleno da Corporación ACORDOU**:

**Primeiro-** Aprobar a incoación dun expediente de concertación dunha operación de crédito por un importe de 5.000.000 euros, condicionada a entrada en vigor da modificación de crédito de crédito extraordinario nº6-P/2013, con destino ó financiamento de parte do pago a Gaia

Lalín Arena S.L., consecuencia da reversión anticipada da totalidade das instalacións e equipos adscritos á concesión

**Segundo.-** Circularizar a tódalas entidades crediticias con establecemento no termo municipal de Lalín ou coas que teña relación comercial o Concello, indicando a intención deste Concello de concertar unha operación ou varias operacións de préstamo así como as condicións reitoras desta e criterios de selección das ofertas económicas que se presenten, de acordo coas seguintes bases reguladoras:

- **Contía da operación:** o importe total da operación ascende a 5.000.000,00 €; non obstante admitiranse ofertas parciais por importe mínimo de 1.000.000 €.

- **Obxecto:** a operación instrumentarase mediante un ou varios préstamos polo importe estipulado no punto anterior.

- **Tipo de Interese:** Será variable para toda a vida do préstamo referenciado ó EURIBOR anual en cada momento de cálculo, sen redondeo. O diferencial máximo admitido na oferta e do 5,5.

- **Comisións:** Non se aceptará ningunha oferta que inclúa cancelación anticipada ou calquera outra comisión a cargo do prestatario, salvo comisión de apertura cun máximo do 1%.

- **Cotas de amortización do préstamo e intereses:** a amortización das cantidades dispostas realizarase, en corenta e catro trimestralidades constantes, concretamente a partir do día 1 de xaneiro de 2014 (sendo o vencemento da primeira trimestralidade: 31 de marzo 2014). Ás cotas de amortización engadiranse os intereses, que se calcularán aplicando o tipo de interese nominal dividido por catro sobre o capital pendente de amortizar ó inicio do período. A liquidación de intereses coincidirá en todos os casos no último día do trimestre natural (31 de marzo; 30 de xuño; 30 de setembro e 31 de decembro).

- **Cancelación anticipada:** En todo caso, o Concello de Lalín poderá cancelar anticipadamente, sen comisión algunha, con carácter total ou parcial, as cantidades pendentes de amortizar, sen máis requisito formal que a comunicación previa á entidade prestamista.

-**Tipo de xuros de demora:** un diferencial sobre o tipo debedor do período (máximo de 1,50 puntos porcentuais sobre o interese legal dos cartos).

-**Período de amortización do préstamo:** once anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 2014.

- **Garantías do Prestatario:** consonte ó disposto no artigo 49.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, non se afecta ningún recurso do Concello de Lalín en garantía do cumprimento das obrigas derivadas do contrato, quedando excluída automaticamente toda oferta que condicione a formalización do préstamo á afectación de calquera recurso deste Concello.

- **Criterios de adxudicación:** Oferta máis beneficiosa para o Concello de Lalín dende o punto de vista económico, tendo en conta o diferencial e a comisión de apertura.

- **Información ás Entidades Financeiras interesadas:** As entidades financeiras interesadas na concertación desta operación crediticia, poderán consultar nas oficinas da Intervención Municipal a seguinte documentación.

a) Presuposto Xeral do Concello aprobado para o 2013

b) Liquidación dos orzamentos 2010, 2011 e 2012

c) Certificación acreditativa da débeda viva á data actual

- **Autorización.-** A operación crediticia proxectada non require autorización previa da Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, posto que da liquidación do Presuposto de 2012 resulta un aforro neto positivo e a débeda viva, incluída a proxectada para o exercicio 2013 non supera o 75 % dos ingresos correntes do último exercicio liquidado.

- **Presentación de proposicións.-** O prazo rematará ás 15:00 horas do día 7 de setembro de 2013. As proposicións presentaranse en sobre pechado dirixido ó Alcalde, no Rexistro xeral do Concello, indicando no sobre "OFERTA PARA O PRÉSTAMO A LONGO PRAZO, ANO 2013".

Non se establece modelo concreto de presentación de proposicións, maila os licitadores deberán expresar tódolos datos esixidos nas presentes bases de contratación, así como o seu CIF, nome e DNI do seu representante, declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do RD Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, determinantes da prohibición de contratar coa administración, data e sinatura do licitador.

- **Apertura pública das ofertas presentadas:** Terá lugar na Casa do Concello, o día 9 de setembro, ás 11:30 horas, en acto público presidido polo Sr. Alcalde ou persoa en que delegue, actuando como vocais o Sr. Concelleiro de Facenda, o Sra. Interventora, e o Sra. Tesoureira, ou persoas en quen deleguen, actuando como secretario o da Corporación municipal. Salvo reclamacións o expediente de crédito extraordinario nº6-p/2013, o que está vinculada esta operación de préstamo, neste caso a apertura demorarase ata a resolución das mesmas, informando o Concello de Lalín, si se produce esta circunstancia, as entidades que presentaran oferta da nova data de apertura.

**Terceiro:** -Comunicar o acordo, para o seu coñecemento, á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

**Cuarto.-** Facultar ao Presidente da Corporación para subscribir os documentos que se precisen e levar a cabo tódolos trámites necesarios para a efectividade deste acordo.

## **12.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E RESIDUOS URBANOS.**

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 27 de xullo de 2013, presentada por urxencia na sesión da Comisión Informativa. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 29 de xullo de 2013.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel M<sup>a</sup> González Aller** expuxo que coa moción se trataba de dar resposta a algunha situación dos veciños para que os cambios no padrón de lixo se apliquen no trimestre seguinte a aquel en que se solicita, e non no exercicio seguinte, como ven ocorrendo.

Dende o grupo de goberno, **D. Manuel Gómez Estévez** sinalou que non era exactamente así. Non había moitos casos con este problema e sinalou que sempre habería problemas co último trimestre de cada ano, no que se debía parar para elaborar e aprobar o padrón do ano

seguinte. Non obstante amosou a súa disposición a estudar e dar solución a estas situacións puntuais.

Desde o BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** vía ben o contido da moción, e adiantou o seu voto favorable.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. J.A. Cristóbal Vázquez Fernández** tamén participou no debate sinalando que se ben había que elaborar o padrón e deterse para elo, podía logo aplicarse con efectos retroactivos.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos presentes **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

A Ordenanza Reguladora da Taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos prevé distintas bonificacións para familias con escasos recursos económicos, para familias numerosas ou para persoas beneficiarias do RISGA e/ou emerxencia social. Para poder optar a estas axudas establécese que todos os anos entre o 1 e o 31 de xaneiro as persoas que reúnen algunha desas condicións deberá presentar unha serie de documentación no concello para poder optar a esas bonificacións durante todo o ano.

Pois ben, este requisito provoca distintas disfuncións que se deben corrixir:

1ª.- Se unha familia entra nunha desas circunstancias de bonificación a partir do 1 de febreiro dun ano determinado, a pesar de que a taxa se devenga trimestralmente, deberá esperar ata o ano seguinte para poder disfrutar da correspondente bonificación, o que parece que vai totalmente en contra da intención e do espírito da propia ordenanza de bonificar ás persoas en circunstancias especiais e de facelo canto antes.

2ª.- Se unha destas familias, por calquera, non presenta a documentación dentro do prazo establecido do 1 ao 30 de xaneiro, xa non vai poder ter dereito (a pesar de reunir os requisitos) a disfrutar da bonificación ata o ano seguinte.

Os concelleiros que subscriben tiveron coñecemento de familias ás que o ano pasado os servizos sociais do concello arranxándollo toda a documentación toda a documentación para poder ter dereito á bonificación, que non sabían que tiñan que volver a presentala todos os anos no mes de xaneiro, que se deron conta que xa non tiñan a bonificación cando lle chegou o recibo correspondente ao primeiro trimestre do presente ano, e que cando foron polo concello para arranxar a situación díxéronlles que ata o ano que ven non podían facer nada, pois o prazo era o mes de xaneiro.

Por todo o exposto, e tendo en conta que os recibos do lixo se devengan trimestralmente, **acórdase:**

1º.- Proceder á modificación urxente da ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E RESIDUOS URBANOS para que permita en calquera momento a presentación da documentación para ter dereito ás bonificacións previstas na ordenanza e que as bonificacións sexan efectivas no trimestre seguinte ao que foi presentada.

2º.- Mentres non entre en vigor dita modificación, buscar unha solución para aquelas familias que por descoñecemento da norma, non tramitaron a nova petición en xaneiro deste ano e agora vense na obriga de pagar a taxa normal durante todo o ano.

*Sendo as 14,11 horas abandonou definitivamente a sesión Dª. Beariz García Iglesias, quedando co grupo socialista con tres membros, e con vinte o número de asistentes á sesión.*

### **13.- MOCIÓN DO BNG PARA A APROBACIÓN DUN REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE LALIN.**

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal do BNG de data 21 de xullo de 2013, con entrada municipal o día 22 de xullo co número de rexistro 4303. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 29 de xullo de 2013.

Desde o BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** indicou que esta normativa a traía o seu grupo ao Pleno tendo en conta que houbo unha oferta do goberno municipal de facer un goberno de concentración. Logo resultou fallido este intento. O texto non era único, senón que estaba sacado doutros concellos, como era o de Silleda.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel M<sup>a</sup> González Aller** estaba de acordo coa proposta de facilitar a participación cidadá na vida municipal. Lembrou que había casos escandalosos, como era o nomeamento de pedáneos a dedo, que logo servían ao goberno municipal e non aos intereses das aldeas.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** adiantou o seu voto favorable.

*Neste intre abandonan temporalmente a sesión D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey e D<sup>a</sup>. María Álvarez Paz, quedando o grupo popular con doce membros, e con dezaoito o número total de asistentes á sesión.*

Desde o grupo popular, **D. Román Rodríguez González** destacou que os veciños de Lalín participaban absolutamente da vida municipal. Podían falar e eran escoitados en todos os servizos que lles afectaban, calquera podía dicir o que pensaba. Non estaba de acordo coa crítica que se fixo dos pedáneos, porque realizaban unha gran labor e defendían os intereses da súa parroquia. O goberno municipal tiña a súa proposta de como debían participar os veciños na vida municipal. E desde logo a proposta nacionalista non era o seu modelo, sinalando que estaba moi articulado.

Na moción pedíase a aprobación da proposta de Regulamento de Participación Veciñal, acompañando un texto co articulado do mesmo.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: seis (6), sendo tres (3) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.*

*Votos en contra: doce (12) do PP.*

*Abstencións: dúas (2), das concelleiras do PP D. Paz Pérez Asorey e D<sup>a</sup>. María Álvarez Paz*

Xa que logo, **REXEITOUSE** a moción.

### **14.- MOCIÓN DO PGD PARA O REXEITAMENTO Á VIOLENCIA.-**

*Incorporáronse neste intre á sesión D<sup>a</sup>. Paz Perez Asorey e D<sup>a</sup>. Maria Álvarez Paz, quedando o grupo popular con catorce membros e con vinte o número total de asistentes á sesión.*

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal do PGD de data 4 de xullo

de 2013, con entrada municipal o día 5 de xullo co número de rexistro 3988. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 29 de xullo de 2013.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** defendeu a proposta indicando que o que se pretendía agora que se falaba de violencia independentista e terrorista era un tema distinto, que se considerase que había outra violencia que afectaba ás persoas e que había que tratar, acudindo aos orixes e problemas.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel Mª González Aller** dixo estar a favor.

Desde o grupo popular, **D. Román Rodríguez González** manifestou que non era unha moción xenérica, senón do grupo proponente. Había que distinguir a violencia terrorista, que levaba bombas na maleta, das opcións independentistas e democráticas que eran respectables como calquera outra.

Na moción había dúas partes: Coa primeira estaba a favor; pero a segunda non podían aprobala, porque era unha trampa. Pediu por elo que se retirase esta segunda parte, ou ben se votasen por separado.

Sometida a votación ordinaria a moción mediante o sistema de man alzada, esta realízase de xeito separado para cada unha das peticións, tivo lugar o seguinte resultado:

Respecto do apartado primeiro por **UNANIMIDADE** dos presentes **APROBOUSE** dita petición, adoptándose o seguinte acordo:

Tendo en conta que nos últimos días ven de xurdir unha polémica de carácter política derivada de varias declaracións e manifestacións en relación ao xuízo de presos independentistas que finalmente desembocou no anuncio por parte do PP de levar aos Concello un posicionamento respecto a esta cuestión.

Sen restar importancia á necesidade de condenar calquera expresión de violencia presente na nosa sociedade, é facilmente demostrable que este non é o principal problema ao que se enfrenta a sociedade galega. Toda a información, datos e enquisas apuntan a que os principais problemas para a cidadanía galega son os derivados da crise económica e política, así como da xestión que desde os poderes públicos se fai da mesma. A principal ameaza que senten os homes e mulleres galegas é a ameaza que supón perder o posto de traballo ou os seus aforros, a perda de dereitos, o medo de moitos homes e mulleres é o de non poder atender as necesidades dos fillos, dos seus maiores e dependentes, medo provocado pola progresiva e contundente eliminación das políticas sociais encamiñadas a minorar as desigualdades sociais e económicas existentes e a paliar as súas consecuencias. E a eliminación destas ameazas e medos tamén require da contundencia da acción política.

En consecuencia aprobose:

*Expresar a condena de calquera tipo de violencia sexa cal sexa a súa expresión e orixe.*

Respecto do apartado segundo, na moción pedíase:

*2.- Instar a todas as institucións e partidos políticos a que centren os seus esforzos e concentren todas as súas capacidades en solucionar os problemas que realmente teñen os galegos e galegas.*

Sometido a votación este segundo apartado, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), sendo tres (3) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.  
Votos en contra: catorce (14) do PP.  
Abstencións: ningunha.

Xa que logo **REXEITOUSE** a petición contemplada no segundo apartado.

## **15.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

### **15.1 ROGOS.**

Presentados de forma escrita durante a sesión:

#### **PSdeG-PSOE.**

##### **D. J.A. Cristóbal Vázquez Fernández**

**ROGO.-** Pide algún tipo de recoñecemento do Concello de Lalín ou ben do seu Pleno polo libro **“Os castros de Lalín”** que editou recentemente a autora *Carmen Buxán*, persoa vinculada a este Concello, polo seu traballo e importancia do mesmo.

**O Sr. Alcalde-Presidente** quedou enterado.

##### **D. Francisco Pérez Donsión.**

**ROGO.-** Que se asfalte a rúa do lugar de Rivas Altas (unha parte ten firme de terra e de zahorra) e se acondicione o camiño de acceso á fonte e ao lavadoiro veciñal, e se dote de saneamento este lugar.

**O Sr. Alcalde-Presidente** quedou enterado.

#### **PGD.**

##### **D. Camilo Conde López.**

**ROGO.-** Diante da demanda comentada por algúns veciños de inexistencia ou de defectos de sinalización no tramo de autopista AP-53 Lalín-Ourense, que non se indica que o dito tramo está exento de peaxe.

Como consecuencia deste feito, moitos condutores que o descoñecen, elúdena e toman a ruta alternativa. Isto non favorece as visitas dos foráneos a Lalín e pode xerar mesmo conflitos de tráfico no centro de Lalín, sobre todo se se trata de vehículos pesados ou de grandes dimensións. Por este motivo insta a que se materialice a colocación da sinalización do tramo exento, así como as de dirección obrigadas para os vehículos de grandes dimensións, evitando que poidan meterse nas rúas do centro da vila.

**O Sr. Alcalde-Presidente** quedou enterado.

### **15.2. PREGUNTAS.**

##### **D. Manuel María González Aller.**



**PREGUNTA.-** Quere saber como está o expediente para tapiar a parte traseira do ambulatorio, na Alameda de Lalín, xa que en varias ocasións e sesións plenarias se pediu isto, e non se veu aínda ningunha obra ao respecto.

Contestou **D. Camilo González Bodaño** indicando que se andaba no tema, e que hoxe na sesión da Xunta de Goberno se verían os orzamentos.

E, sendo as catorce horas e trinta e oito minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace  
O Alcalde-Presidente